



Concello de Vigo
Expte. 4750/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 23/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE DECEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 25 de novembro de 2024.

PARTE RESOLUTIVA

Mocións:

- 2.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do Porto de Vigo como Porto Nodal na Rede Transeuropea de Transportes e outros acordos complementarios. Expte. 4756/1101.
- 3.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a posicionarse publicamente en favor do proxecto "Autovía A-52". Expte. 4757/1101.
- 4.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a manifestar publicamente o seu apoio á conexión directa do AVE, Vigo-Madrid por Cerdedo. Expte. 4759/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Partido Popular de Vigo que se desculpe ante esta cidade polas manifestacións desafortunadas cara a cidade de Vigo. Expte. 4760/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Univesidades da Xunta de Galicia que dote neste curso académico aos centros educativos vigueses dos docentes necesarios. Expte. Pleno 4761/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 1 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal do BNG relativa á situación do idioma propio da Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización. Expte. Pleno 4755/1101.

Resolucións.

8. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1809/1102 (Expte. Pleno 4753/1101)
9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1810/1102 (Expte. Pleno 4754/1101).

10. Formulación de rogos.

11. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda
 Alonso Suárez, Olga
 Aneiros Pereira, Jaime
 Caride Estévez, María José
 Espinosa Mangana, Elena
 Estévez Rodríguez, Pablo Luis
 Fernández Pérez, José Manuel
 Gómez Díaz, Gorka
 Iglesias González, Ana Laura
 Iglesias López, Patricia
 López Font, Carlos
 Mejías Sacaluga, Ana Maria
 Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 Rivas González, Ángel
 Rodríguez Calviño, Patricia
 Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
 González Abeijón, Fernando
 Martin Peña, Jose Miguel
 Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
 Martínez Piñeiro, Ana
 Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Ilmo. Sr. Alcalde, grupo municipal Socialista
 Lago Barreiro, M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.
 Silva Rego, M.^a Carmen, 1^a Tenente de Alcalde, grupo municipal Socialista
 García González, Patricia, concelleira do grupo municipal do Partido Popular

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05 h.) do día trinta de decembro do ano dous mil vinte e catro (30/12/24), coa Presidencia do 2^a Tenente de Alcalde, Sr, Pardo Espiñeira, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 2 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

senalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(228). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 25 DE NOVEMBRO DE 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (23) da Corporación apróbase a seguinte acta:

- Sesión núm. 21/2024 ordinaria, celebrada o 25/11/2024.

PARTE RESOLUTIVA

MOCIÓNS:

2.(229). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A INTENSIFICAR AS ACCIÓNS DIPLOMÁTICAS ANTE A UNIÓN EUROPEA PARA RECLAMAR A INCLUSIÓN DO PORTO DE VIGO COMO PORTO NODAL NA REDE TRANSEUROPEA DE TRANSPORTES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4756/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4756/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A EXCLUSIÓN DO PORTO DE VIGO DA REDE NODAL EUROPEA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto de Vigo, recoñecido como o maior porto pesqueiro de Europa e un dos principais polos de actividade comercial do Atlántico, conta cunha importancia estratéxica innegable tanto para Galicia como para o conxunto de España e da Unión Europea. A súa posición privilexiada, as infraestruturas de alta capacidade e a súa relevancia internacional como punto de conexión coas principais rutas marítimas deberían convertelo nun elemento esencial da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).

Porén, a recente decisión da Unión Europea de non incluír Vigo como porto nodal dentro desta rede supón unha discriminación manifesta cara a Galicia. Esta exclusión implica:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 3 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Limitación do acceso a fondos europeos destinados á mellora das infraestruturas e a loxística portuaria.
2. Prexuízos económicos para o tecido industrial e comercial galego, especialmente para as empresas que dependen das exportacións e importacións marítimas.
3. Unha perda de oportunidades de desenvolvemento rexional, afectando negativamente a competitividade da comunidade autónoma e a súa integración nas cadeas de subministración europeas e internacionais.

O porto de Vigo cumpre todos os requisitos para ser considerado nodal: liderado mundial no sector pesqueiro, infraestruturas de referencia e unha posición estratéxica que conecta Europa coas rutas de América, África e Asia. Non obstante, a Unión Europea continúa priorizando outros portos menos relevantes, perpetuando un trato discriminatorio que lastra o desenvolvemento do noroeste peninsular.

Vigo e Galicia non poden ser excluídas dunha decisión tan fundamental para o futuro do transporte marítimo e a cohesión territorial da Unión Europea. Garantir a inclusión do porto de Vigo na rede nodal é defender o interese xeral da comunidade e da economía galega.

Polo exposto, elévase ao pleno do concello as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO:

1. Instar ao Goberno de España a intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do porto de Vigo como porto nodal na Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T).
2. Requirir á Comisión Europea unha revisión inmediata da súa decisión, baseándose nos criterios obxectivos que demostran a importancia estratéxica, económica e loxística do porto de Vigo.
3. Solicitar o respaldo do Parlamento Europeo e dos eurodeputados galegos para visibilizar a inxustiza desta decisión e traballar conxuntamente na súa reversión.»

En escrito (cod. solicitude W1228062-8881) de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4756/1101, o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Pérez Iglesias, formula unha emenda á totalidade da parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.

A Sra. Sánchez Méndez, concelleira do grupo político municipal do PP, anuncia que o grupo proponente non acepta a emenda formulada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes (23) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 4 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2024 (Rex. Nº 4756/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre a exclusión do Porto de Vigo da rede Nodal Europea", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

3.(230). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A POSICIONARSE PUBLICAMENTE EN FAVOR DO PROXECTO "AUTOVÍA A-52". EXPTE. 4757/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4757/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

«Vigo é a única gran cidade de España sen comunicación directa, por autovía, dado que a A-52 termina en Porriño.

A demanda da cidade dunha comunicación directa é histórica e o goberno de Vigo véna reclamando desde hai anos ao goberno central.

Os gobernos do PP, de Aznar e Rajoy, nunca atenderon esta demanda. Foi o goberno de Pedro Sánchez, o que atendeu a demanda do Alcalde.

Nunha visita oficial, o 21 de xaneiro de 2022 da entón Ministra de Transportes Raquel Sánchez, expúxolle ao nese momento Presidente da Xunta de Galicia Núñez Feijoo, o compromiso do goberno de España de realizar esta actuación en túnel cun investimento de case 300 millóns.

Feijoo, incompreensiblemente, rexeitou este ofrecemento. O vídeo da súa negativa, que puidemos ver na convocatoria cidadá do pasado 11 de decembro na Porta do Sol, é o mellor exemplo do castigo de Feijoo á cidade de Vigo durante os seus 13 anos de goberno. Balbuceante, negaba tajantemente a posibilidade dun investimento tan importante nunha infraestrutura fundamental para Vigo e para toda a súa Área metropolitana.

O goberno de Pedro Sánchez seguiu adiante co compromiso dado ao Alcalde de Vigo e como os compromisos materialízanse no BOE, o pasado mércores 18 de decembro, publicábase o anuncio polo que se aproba o documento técnico para a información pública e o seu estudo de Impacto Ambiental do proxecto "Autovía A-52. Tramo: O Porriño-Vigo, provincia de Pontevedra".

Cumprindo así o compromiso do goberno de España, co Alcalde de Vigo, é hora de que o actual Presidente da Xunta, rectifique o despropósito do seu antecesor, e posiciónese claramente en favor desta infraestrutura vital para Vigo e para Galicia.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 5 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a posicionarse publicamente en favor do proxecto “Autovía A-52, Tramo: O Porriño-Vigo”, recoñecendo o compromiso do goberno de Pedro Sánchez coa cidade de Vigo e con Galicia.
- Esixir ao ex Presidente dá Xunta de Galicia, sr. Núñez Feijóo pedir perdón á cidade de Vigo por rexeitar o Proxecto para a “Autovía A-52, Tramo: O Porriño-Vigo” que, afortunadamente, mantén o Goberno de España dacordo coa publicación no BOE.»

En escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro de 2024, número 4764/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda á totalidade da parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.

En escrito (cod. solicitude W1228063-3544) de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro de 2024, número 4766/1101, o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Pérez Iglesias, formula unha emenda adicional á parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O Sr. López Font, Voceiro do grupo político municipal do PSdG-PSOE, anuncia que o grupo propoñente non acepta as emendas formuladas.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos (16) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete (7) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e dos membros do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2024 (Rex. Nº 4757/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, “Instando ao Presidente da Xunta de Galicia a posicionarse publicamente en favor do proxecto “Autovía A-52”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Ás 09:55 h., ao comezo da exposición do punto seguinte, auséntase da sesión o concelleiro Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

4.(231). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A MANIFESTAR PUBLICAMENTE O SEU APOIO Á CONEXIÓN DIRECTA DO AVE, VIGO-MADRID POR CERDEDO. EXPTE. 4759/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 6 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4759/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

«A cidade de Vigo non conta con AVE directo a Madrid polas decisións políticas do PP, primeiro no deseño e logo pola paralización administrativa dos gobernos de Rajoy, aos procedementos iniciados polo goberno de Zapatero.

A conexión directa de Vigo a Madrid, por Cerdedo, é unha demanda histórica da primeira cidade de Galicia, que nunca contou co apoio do PP nin do goberno da Xunta.

A chegada do AVE a Galicia estará incompleta en tanto esa conexión directa, entre Vigo e Madrid por Cerdedo, non estea operativa.

Foron gobernos socialistas, primeiro de Zapatero, e actualmente de Pedro Sánchez, o que reactivaron os paróns administrativos dos gobernos de Rajoy, comprometéndose co Alcalde de Vigo.

Vigo aposta por dúas infraestruturas necesarias e imprescindibles para o seu desenvolvemento, o saída Sur e a conexión directa Vigo-Madrid, por Cerdedo.

O goberno de Pedro Sánchez comprometeu, de forma decidida, a saída Sur para o ano 2030 e está a desenvolver todos o trámite para a conexión directa Vigo-Madrid directo por Cerdedo.

Comprometida a saída Sur e a súa data de finalización, é imprescindible reivindicar e dar prioridade á conexión directa de Vigo con Madrid, por Cerdedo.

O Presidente Rueda, en recentes declaracións a un medio de comunicación, quitábase a careta, manifestaba o seu apoio ao saída Sur, como o goberno de Vigo reivindicou desde hai moitos anos a diferenza do PP que non o facía, e manifestaba literalmente que a conexión directa de Vigo con Madrid, por Cerdedo, “xa se vería despois”.

É obrigado o compromiso do Presidente da Xunta de Galicia, en apoio desa reivindicación da cidade e da súa prioridade na execución, así como o recoñecemento ao compromiso do goberno do Estado coa cidade de Vigo, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte os seguintes

ACORDOS

- Lamentar que o Presidente da Xunta de Galicia manifestase publicamente que a conexión directa do AVE Vigo-Madrid por Cerdedo, non é prioritaria para Galicia.
- Esixir ao Presidente da Xunta de Galicia que pida perdón á cidade de Vigo e que rectifique a súa posición manifestada publicamente en contra dunha actuación imprescindible para Vigo e para Galicia, considerando esta manifestación como un desprezo a esta cidade.»

En escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro de 2024, número 4762/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda á totalidade da parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 7 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En escrito (cod. solicitude W1228065-8344) de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro de 2024, número 4767/1101, o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Pérez Iglesias, formula unha emenda adicional á parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O Sr. López Font, Voceiro do grupo político municipal do PSdG-PSOE, anuncia que o grupo proponente non acepta as emendas formuladas.

VOTACIÓN: Con quince votos (15) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e catro (4) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2024 (Rex. Nº 4759/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando ao Presidente da Xunta de Galicia a manifestar publicamente o seu apoio á conexión directa do AVE, Vigo-Madrid por Cerdedo", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(232). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PARTIDO POPULAR DE VIGO QUE SE DESCULPE ANTE ESTA CIDADE POLAS MANIFESTACIÓNS DESAFORTUNADAS CARA A CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4760/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4760/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

«A cidade de Vigo sempre mantivo unha relación amable cos concellos da súa contorna. Nunca existiron tensións territoriais e a colaboración sempre foi a máxima. Ámbitos como seguridade, auga, comunicacións e outros tantos, foron a tónica xeral.

Tanto é así, que todos os concellos compartimos o desexo de constituír a área Metropolitana de Vigo, como ente político de xestión que permitise obter beneficios comúns e coordinación para abordar un proxecto político de 500.000 habitantes aglutinados ao redor de Vigo.

A propia percepción e sentimento dos habitantes destes concellos, é de sentirse parte de Vigo, de forma natural, adicionalmente ao orgullo de pertenza ao seu propio municipio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 8 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os vínculos familiares, laborais, comerciais etc., forman parte dese orgullo de ter próxima unha gran cidade que permite ofrecer servizos adicionais aos que poden ofrecer concellos máis pequenos, pero sempre desde a amabilidade que ofrecen as viguesas e os vigueses.

Este comportamento sociolóxico tan xeneralizado, vese embazado por posicións políticas partidistas desde o PP. A frustración por non gobernar o Concello de Vigo, levou ao PP para impedir a constitución da área Metropolitana de Vigo por manobras políticas do goberno de Feijoo da Xunta de Galicia. Oportunidade histórica perdida, non só para a cidade de Vigo, senón para todos os concellos que a constituíron legalmente.

Nesa senda, de utilización partidista do PP, enténdense as desafortunadas, por ser suave, declaracións da Alcaldesa de Mos, D^a. Nidia Arevalo, nunha convención municipal do PP, celebrada hai escasos días en Valladolid.

A súa afirmación, en claro ton despectivo, de que Vigo era a cidade dormitorio de Mos, só pode entenderse desde a mala fe. Seguro que só pensaba nesa frustración do seu partido político por estes camiño de 20 anos de goberno socialista en Vigo, sen darse conta, e así o percibimos estes días, da descualificación cara a todos os vigueses e viguesas, tamén incluídos os do PP que así o han interiorizado.

É incompatible querer ser ocurrente e graciosa co respecto institucional debido entre Concellos e os sentimentos dos cidadáns. Se desafortunadas foron as palabras da Sra. Arévalo, indignante foi a imaxe de Alberto Núñez Feijoo rindo abertamente as ocorrencias da Alcaldesa de Mos. Impropio de quen foi Presidente da Xunta de Galicia, cando o que tiña que facer, por respecto a 300.000 viguesas e vigueses, era reprochar á Sra. Arévalo esa manifestación.

Como queira que era unha Convención Municipal do PP, imaxinamos que habería na mesma unha representación dos 5 Concelleiros que aquí sentan, se cadra a totalidade polo escaso número, que supoñemos que tamén rirían como Feijoo para seguir rendendo pleitesía como o veñen facendo desde hai 17 anos.

Rectificar é bo en política e é de esperar que a Alcaldesa de Mos, Sra. Arévalo, deuse conta en días posteriores, que os chascarrillos dos mitins non fan ningún ben a quen representa ao Concello de Mos.

Esperamos que a Sra. Arévalo, rectifique e é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguintes

ACORDOS

- Esixir ao Partido Popular de Vigo que se desculpe ante esta cidade por non rebater a desafortunadísima frase da Alcaldesa de Mos, ao tratar a Vigo como a cidade dormitorio de Mos.
- Pedir á Alcaldesa de Mos, D^a. Nidia Arévalo, que pida desculpas ás viguesas e vigueses polas súas manifestacións tan despectivas cara á cidade de Vigo, ao definila de forma despectiva como a cidade dormitorio de Mos.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 9 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con quince votos (15) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e catro (4) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2024 (Rex. Nº 4760/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Instando ao Partido Popular de Vigo que se desculpe ante esta cidade polas manifestacións desafortunadas cara a cidade de Vigo", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Ás 10:28 h., ao comezo do seguinte asunto da orde do día, incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

6.(233). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTÁNDOLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVESIDADES DA XUNTA DE GALICIA QUE DOTE NESTE CURSO ACADÉMICO AOS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES DOS DOCENTES NECESARIOS. EXPTE. PLENO 4761/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4761/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

«A LOMLOE no seu artigo 71 apartado 2, dispón que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

Con todo, e a pesar do expresado con anterioridade, os centros educativos vigueses non contan co persoal especializado necesario para a atención do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 10 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

- Esixirlle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia que, neste curso académico, dote aos centros educativos vigueses dos docentes necesarios co perfil de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) en virtude da escolarización do alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe.
- Esixirlle que incremente o número de Orientadores nos centros educativos vigueses para atender tanto o alumnado xa identificado como para detectar novos casos.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2024 (Rex. Nº 4761/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Instándolle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia que dote neste curso académico aos centros educativos vigueses dos docentes necesarios", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL**MOCIÓNS.****7.(234). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN. EXPTE. PLENO 4755/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2024, número 4755/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

«*RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 11 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluín-te aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza.

Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de "lingua propia de Galiza" (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).
3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 12 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.»

En escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de decembro de 2024, número 4763/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda parcial de substitución do resolutivo terceiro da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico da sesión plenaria.

A Concelleira do Grupo político municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, ao abeiro do artigo 64.1 do ROP, propón que o asunto se vote por apartados.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O Sr. Pérez Igrexas, Voceiro do grupo político municipal do BNG, anuncia que o grupo proponente non acepta a emenda formulada nin que o asunto se vote separado por apartados.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e vinte (20) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señoras e señores Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais do grupo municipal do Partido Popular (4), señoras e señores Benavides Alonso, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.24 (Rex. Nº 4755/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Relativa á situación do idioma propio da Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

8.(235). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 18/11/24 E O 19/12/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1809/1102 (EXPTE. PLENO 4753/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1809/1102 (Expte. Pleno 4753/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

9.(236). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 18/11/24 E O 19/12/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1810/1102 (EXPTE. PLENO 4754/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 13 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1810/1102 (Expte. Pleno 4754/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

10. FORMULACIÓN DE ROGOS.

10.1.(237). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que o Concello informe dunha vez sobre o motivo polo que o pasado 11 de decembro foi desmantelado o lavadoiro histórico da Barroca, que está catalogado como de interese histórico alto no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello, onde e en que estado de conservación se atopan as súas pezas, e cando e como se vai restituír para uso da veciñanza, xunto coa recuperación do manancial da fonte máis antiga de Vigo, situada ao seu carón, que tamén está recollida como elemento a conservar e protexer no dito plan especial».

10.2.(238). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que reforce a seguridade baixo as pérgolas de Samil dado que case todos os precintos colocados están rotos».

11. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

11.1.(239). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Vai adoptar o Goberno municipal algunha medida diante do reiterado e flagrante incumprimento do prego concesional e das condicións da última prórroga por parte de Vitrasa, ao ter inda pendente a renovación 27 novos vehículos e contar na súa flota actualmente operativa buses que exceden o límite legal de 12 anos de antigüidade?»

11.2.(240). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cal é o motivo polo que este goberno municipal ten descartado organizar a Festa de Fin de ano na Praza de América, logo de que o alcalde dixera que se estaba a estudar, e incluso en anos anteriores chegara mesmo a prantexar facela en primavera, logo de que non se poidera facer no 31 de decembro?».

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Decembro 2024
 Lexislatura: Mandato 2023-2027
 Órgano : Pleno
 Data Inicio: Luns, 30 de Decembro de 2024 09:07:28
 Data Fin : Luns, 30 de Decembro de 2024 11:10:45
 Duración : 02:03:17



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 14 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3525

- Media (MASTER)

 [1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.6 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/dfUvV6howDG9xGLtcIjcsUuGj9aSAV8IDvRAP8NULxeKQI3g.wmv>

SHA512 - 318e6f1c25fa3e590dd1e3d600a0eb6af2c99bde5b82f9a921bed42306123dad560e16be6b8420e7dcd2a6034ae481263dbd035cf7aac16018a52987d3a4220d

- Media (PROXYS)

 [1] Video H264, 480p, Stereo, 673 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/8U8ikUEtkEoSPlwNKaviR6QxwboXVAwjC28sb8kx5ZincjNv.mp4>

SHA512 - 3a52ae41baa999e9c313a0c0115a4dd613f97a470c744fd77b7907f52247350e93299ad7992615409a5bfe5dcc15336b3069c59ace9898cc16ca7c38d9c51685

- Minutaxe

 00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:00:04 : Actas anteriores: Ordinaria do 25 de novembro de 2024.

00:00:13 - Minuto de silencio en memoria das victimas de violencia de xénero

00:01:48 : Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Goberno de España a intensificar as accións diplomáticas ante a Unión Europea para reclamar a inclusión do Porto de Vigo como Porto Nodal na Rede Transeuropea de Transportes e outros acordos complementarios. Expte. 4756/1101.

00:01:53 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:02:12 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:07:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:07:27 - Pérez Iglesias, Xabier

00:12:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:12:40 - Espinosa Mangana, Elena

00:17:40 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:20:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:20:40 - Votación [9:28:08]

00:21:11 : Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a posicionarse publicamente en favor do proxecto ?Autovía A-52?.Expte. 4757/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 15 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:21:12 - López Font, Carlos
 00:26:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:26:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:31:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:31:36 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 00:35:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:35:32 - López Font, Carlos
 00:38:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:39:06 - López Font, Carlos
 00:39:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:39:50 - Votación [9:47:18]
- 00:40:14 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a manifestar publicamente o seu apoio á conexión directa do AVE, Vigo-Madrid por Cerdedo. Expte. 4759/1101.5. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Partido Popular de Vigo que se desculpe ante esta cidade polas manifestacións desafortunadas cara a cidade de Vigo. Expte. 4760/1101.
- 00:40:28 - López Font, Carlos
 00:45:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:45:45 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:51:01 - Martín Peña, José Miguel
 00:55:51 - López Font, Carlos
 00:59:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:59:22 - Votación [10:06:50]
- 00:59:46 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Partido Popular de Vigo que se desculpe ante esta cidade polas manifestacións desafortunadas cara a cidade de Vigo. Expte. 4760/1101.
- 01:00:07 - López Font, Carlos
 01:05:16 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:10:29 - Espinosa Mangana, Elena
 01:10:33 - Martín Peña, José Miguel
 01:15:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:15:44 - López Font, Carlos
 01:18:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:19:04 - Votación [10:26:32]
 01:19:42 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:19:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:20:15 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instándolle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Univesidades da Xunta de Galicia que dote neste curso académico aos centros educativos vigueses dos docentes necesarios. Expte. Pleno 4761/1101.
- 01:20:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:20:39 - Alonso Suarez, María Olga
 01:25:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:26:00 - Abalde Comesaña, Filipe
 01:31:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:31:11 - Benavides Alonso, Daniel
 01:36:11 - Alonso Suarez, María Olga
 01:39:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:39:46 - Votación [10:47:13]
- 01:40:30 : 7. Moción do grupo municipal do BNG relativa á situación do idioma propio da Galiza e á adopción de medidas para a súa normalización. Expte. Pleno 4755/1101.
- 01:40:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:45:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:45:53 - Benavides Alonso, Daniel
 01:50:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:50:08 - Alonso Suarez, María Olga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 16 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:55:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:55:19 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:58:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:58:45 - Votación [11:06:13]
- 01:59:11 : 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1809/1102 (Expte. Pleno 4753/1101)
- 01:59:24 : 9. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 18/11/24 e o 19/12/24, incluídas no expediente 1810/1102 (Expte. Pleno 4754/1101).
- 01:59:39 : 10. Formulación de rogos.
 01:59:46 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:00:18 - Martín Peña, José Miguel
 02:00:22 - Martín Peña, José Miguel
 02:00:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:00:40 : 11. Formulación de preguntas.
 02:00:41 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:01:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:02:17 - Martín Peña, José Miguel
 02:02:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:03:17 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e dez minutos (11:10) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 23/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
 am.

A PRESIDENCIA
 Javier Pardo Espiñeira

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
 Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2025 12:30	Páxina 17 de 17
4784-1101	CSV: A9A9C3-C5ED8F-B5E4DF-XQKYM8-V2VDXM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		